



LUNS 12 DE FEBREIRO | 16:30 H

**DESFILE DE CARROZAS ENTROIDO 2024
CONCELLO DE RIBADUMIA**

*Ao seu remate haberá animación infantil
a cargo de:*



JAVI SOLLA

Na Carballeira de Barrantes

INDIVIDUAL INFANTIL

1º PREMIO: 100€ 2º PREMIO: 75€ 3º PREMIO: 50€

PARELLA INFANTIL

1º PREMIO: 150€ 2º PREMIO: 100€ 3º PREMIO: 75€

GRUPOS DE MÁIS DE 3 PERSOAS

1º PREMIO: 200€ 2º PREMIO: 150€ 3º PREMIO: 100€

CARROZAS DE 3 A 20 PERSOAS

1º PREMIO: 300€ 2º PREMIO: 200€ 3º PREMIO: 150€

CARROZAS DE MÁIS DE 20 PERSOAS

1º PREMIO: 400€ 2º PREMIO: 300€ 3º PREMIO: 200€

Consulta as bases na páxina web www.ribadumia.org

Información e inscricións nas oficinas municipais de 8:00 a 15:00h, e na sede electrónica do Concello ata as 15:00h do luns 12 de febreiro.



**CONCELLO
DE RIBADUMIA**



**"Bases do I Concurso de desfile de disfraces e carrozas Infantís de Entroido,
convocado polo Concello de Ribadumia, para o ano 2024"**

Desfile de disfraces e carrozas Entroido 2024

O Concello de Ribadumia convoca a I edición do Concurso de desfile de disfraces e carrozas infantís de Entroido, convocado polo Concello de Ribadumia, segundo as seguintes bases:

1.- O desfile terá lugar o luns 12 de febreiro 2024, co seguinte percorrido: saída dende a Casa de Cultura de Ribadumia ás 16:30h ata a Carballeira de Barrantes.

2.- A inscrición será gratuita e poderá facerse por sede electrónica ou presencialmente nas oficinas do Concello, no modelo de inscrición normalizado (Anexo), indicando:

- Nome para a carroza.
- Número de integrantes.
- Nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono do representante.

Ou ben o mesmo día, na mesa da organización situada na Casa da Cultura de Ribadumia, a partir das 15:30h.

As solicitudes de inscrición poderanse entregar por sede electrónica ou presencialmente no Concello de Ribadumia de luns a venres de 08.00h a 15.00h. As persoas participantes tamén poderán informarse a través do teléfono do Concello (986 718 491).

3.- Requisitos para participar no concurso:

- Presentar a solicitude cuberta.
- No transcurso do desfile o concursante deberá colocar o número que se entrega ese mesmo día do desfile, nun lugar visible para que o xurado poida tomar nota.
- Estar puntualmente no lugar da saída (Casa de Cultura de Ribadumia) ás 16:00h.
- Aqueles que participen cun vehículo, carroza ou artefacto de grandes dimensións, que precise ser remolcado por un vehículo de motor, deberán advertilo no momento da inscrición, aportando a seguinte documentación:

- Permiso de circulación do automóvil
- Seguro de responsabilidade civil do automóvil
- ITV en vigor
- Permiso de conducir do condutor
- Seguro do remolque (no seu caso)

4.- Aqueles grupos que ocupen as carrozas con menores de idade deberán garantir que estes irán, obrigatoriamente, acompañados dun adulto responsable que garanta a súa seguridade. O Concello non se fai responsable de calquera incidente que puidese producirse por dita circunstancia.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80005876000C0X8Z2A1R4H7 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 2024308 24000007
	DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 19/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/01/2024 10:55:56	Fecha: 19/01/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80005876000C0X8Z2A1R4H7





CONCELLO DE RIBADUMIA

O Concello de Ribadumia non se responsabilizará dos danos que puidese sufrir a carroza nin os materiais ou obxectos desta no transcurso normal do desfile.

5.- Establécense os seguintes premios e categorías:

CATEGORIAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
INDIVIDUAL INFANTIL	100,00€	75,00€	50,00€
PARELLA INFANTIL	150,00€	100,00€	75,00€
GRUPOS DE MÁIS DE 3 PERSOAS	200,00€	150,00€	100,00€
CARROZAS DE 3 A 20 PERSOAS	300,00€	200,00€	150,00€
CARROZAS DE MÁIS DE 20 PERSOAS	400,00€	300,00€	200,00€

Nas categorías de grupos e carrozas de 3 a 20 persoas, e de máis de 20 persoas, ao menos o 50% dos compoñentes deberán ser menores de 16 anos.

6.- O concurso será fallado por un xurado que nomeará o Departamento de Cultura, e estará formado por persoas relacionadas coa cultura, música, e outros, con total e absoluta independencia de actuación e toma de acordos baixo o criterio fixado nas bases.

O xurado avaliará especialmente, entre outros aspectos: animación, espectacularidade, orixinalidade, espontaneidade, conxunción e animación musical.

O xurado estará presente durante todo o percorrido, NON IDENTIFICADO como tal, observando as evolución das persoas participantes durante o desenvolvemento do concurso.

7.- O fallo do xurado será inapelable, e este poderá resolver calquera cuestión non recollida nas presentes bases. O xurado, se o estima oportuno, poderá declarar premios deserto ao seu xuízo.

8.- Os premiados daranse a coñecer ao remate do desfile, na Carballeira de Barrantes, no Baile de Entroido a cargo de Javi Solla, facéndose entrega dun diploma acreditativo. Será obrigatorio a presenza dalgunha persoa membro de cada participante no concurso no momento da lectura dos premios.

O ingreso das gratificacións e do premio farase nos días posteriores a través de transferencia bancaria, para iso terán que aportar o Dni/Cif e un certificado bancario onde figure o número de conta.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80005876000C0X8Z2A1R4H7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 19/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/01/2024 10:55:56

EXPEDIENTE :: 2024308
24000007
Fecha: 19/01/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80005876000C0X8Z2A1R4H7





CONCELLO DE RIBADUMIA

9.- O Concello resérvase ao dereito de captación de imaxes do desfile para fins de publicidade e promoción.

10.- En caso de choiva, suspenderíase o desfile de carrozas, quedando somentes o concurso de disfraces con animación infantil.

11.- No caso de que algunha das carrozas non cumpra cos requisitos mínimos esixidos nestas bases, a organización resérvase o dereito de anular a súa inscrición.

Calquera dúbida ou baleiro que puidese xurdir da interpretación e aplicación das presentes bases, será resolto no seu momento polo xurado e a súa decisión será inapelable. A presentación a este Concurso implica necesariamente a aceptación de todos e cada un dos puntos das Bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

Ribadumia, a data da sinatura dixital.

O Alcalde,

David J. Castro Mougán

CONCELLO DE RIBADUMIA é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de exercicio das competencias asumidas por este Concello e manter a relación co administrado. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE RIBADUMIA. Avda. de Ribadumia, 3 - 36636 Ribadumia (Pontevedra). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

CSV: 07E80005876000C0X8Z2A1R4H7



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80005876000C0X8Z2A1R4H7 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 19/01/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/01/2024 10:55:56</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2024308 24000007</p> <p>Fecha: 19/01/2024</p> <p>Hora: 00:00</p> <p>Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---





ANEXO I

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO DESFILE-CONCURSO DO
ENTROIDO 2024**

NOME E APELIDOS/ RAZÓN SOCIAL:

RÚA/LUGAR:

Nº

C.P.:

CONCELLO:

PROVINCIA:

DNI/CIF:

TELÉFONO:

EMAIL:

CATEGORÍA: Marca a que proceda:

INDIVIDUAL INFANTIL

PARELLA INFANTIL

GRUPOS DE MÁIS DE 3 PERSOAS

CARROZAS DE 3 A 20 PERSOAS

CARROZAS DE MÁIS DE 20 PERSOAS

NOME DO DISFRAZ / CARROZA:

NÚMERO DE INTEGRANTES E TEMÁTICA:

**Achégase así mesmo a seguinte documentación:*

- Listado de integrantes da carroza.

- Copia do DNI do representante do grupo.

- Documentación do vehículo / remolque que se especifica nas bases (no caso de empregalo).

Acepto as condicións establecidas nas bases do Desfile-Concurso

Acepto a publicación de fotos e vídeos do disfraz presentado no desfile

Autorizo ao Concello de Ribadumia, a consulta de datos noutras administracións para a comprobación de non existencia de débedas.

DATA:

SINATURA:



FIRMANTE - FECHA





ANEXOS

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO DESFILE-CONCURSO DO ENTROIDO 2024

NOME E APELIDOS/ RAZÓN SOCIAL:

RÚA/LUGAR:

Nº

C.P:

CONCELLO:

PROVINCIA:

DNI/CIF:

TELÉFONO:

EMAIL:

CATEGORÍA: Marca a que proceda:

INDIVIDUAL INFANTIL

PARELLA INFANTIL

GRUPOS DE MÁIS DE 3 PERSOAS

CARROZAS DE 3 A 20 PERSOAS

CARROZAS DE MÁIS DE 20 PERSOAS

NOME DO DISFRAZ / CARROZA:

NÚMERO DE INTEGRANTES E TEMÁTICA:

*Achégase así mesmo a seguinte documentación:

- Listado de integrantes da carroza.
- Copia do DNI do representante do grupo.
- Documentación do vehículo / remolque que se especifica nas bases (no caso de empregalo).

Acepto as condicións establecidas nas bases do Desfile-Concurso

Acepto a publicación de fotos e vídeos do disfraz presentado no desfile

Autorizo ao Concello de Ribadumia, a consulta de datos na Seguridade Social,

ATRIGA, Facenda e ORAL.

DATA:

SINATURA: